

Edición xestionada
por [Héitor Mera](#)

FORO

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

AS WEBS DE AQUÍ

Consulta no
[directorio de
Vieiros](#) as páxinas
sobre literatura,
editoriais e
librarías

O escritor impuntual

[13/09/2006 13:02] por **Santi Freire**

O condutor de autobús que quería ser Deus

Etgar Keret

Rinoceronte, Cangas, 2006. 130 páxs., 11,50 €

A Editorial Rinoceronte opta desta vez por introducir nas nosas letras a un escritor dos máis populares entre a mocidade israelí, trátase de Etgar Keret (Tel Aviv, 1967) nunha excelente adaptación ao galego levada a cabo por Moncho Iglesias Míguez. *O condutor de autobús que quería ser Deus* é un libro en aparencia breve, mais composto por catro relatos, e como colofón insire unha curiosa novela dividida en vinte e seis exiguos capítulos.



É como se a Keret lle viñese curto o relato, e de feito vénlle na maioría dos casos, xa que domina con elegancia e siso os seus fíos. En todos xoga coa realidade e a ficción. O fantástico opera a xeito de gonzo, para nos abraiar sobre un novo aspecto da vida. Deixa sempre os finais abertos, e que cada lector despreque as velas da súa imaxinación, fuxindo con grande acerto do narcótico moralizador. Ninguén pode xulgar, agás nós, os lectores, a conduta de cada un dos relatos. Todos os temas que toca son tratados con orixinalidade e enxeño. Un humor amargo cruza sutilmente cada texto, nos que trata o amor e a soidade, a morte, a devoción materna, o suicidio como un imposible vello de escape das nosas tribulacións diarias, a loucura e as drogas...

Quizais nunha primeira lectura Keret nos pareza un tanto fantasioso, xa que roza o inadmisíble, as súas personaxes habitan o limbo do insostible. Talvez non haxa lóxica, pero a literatura tampouco a esixe, só espertar un efecto compositivo que non nos deixe indiferentes. Cómpre deixarse levar da súa prosa sen prexuízos, e el xa nos vai desvelando as claves. Acerta no aspecto de saber dosificar cada argumento deixando entrever tan só aquilo que é necesario, legando á nosa perspicacia a capacidade de interpretación, posto que Keret confía plenamente na intelixencia do lector. Argalla, deste xeito, un mollo de relatos dunha beleza exquisita, redondos, vivaces, turbadores, adubados dunha ironía sutil e elegante, tan propia dos bos escritores, e que se agradece.

Non se desperdicia nin un só conto. A amarga ironía d'A *Matriz* provoca un sorriso, o abraio fronte o absurdo ata o que leva o culto polo maternidade. A historia que dá título ao libro, fai que treman os alicerces nos que repousa a concepción do amor. *A loucura de Nimrod* é un delirio absurdo e extravagante sobre a perda da razón. *Un cóctel típico do inferno* é unha fábula tenra, un breve historia que semella sacada d' *As mil e unha noites*. *A colonia de vacacións de Kneller*, unha alfaia sobre o tratamento dun tema tabú na nosa sociedade: o suicidio. Aquí, Keret demostra o seu dominio do cinismo, nunha novela póstuma, das que te poñen de bo humor. Ficción máis alá da ficción. Xoga connosco a sorprendernos con situacións inéditas, confusas, que nos desvelan algunha anomalía vital, ese parafuso que todos levamos un tanto frouxo. Divertido, dinámico, falcatrueiro, capaz de retorcer un argumento ata lle sacar o mellor partido, e ao mesmo tempo tenro, emotivo. Un libro para aqueles aos que a camiseta do mundo lles queda curta de mangas.

[mércao en Andel](#)

COMENTARIOS:

Hai 2 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)